| | Técnica: Acrílico e Acuarela sobre papel | |
| | Medidas: 50 x 35 cm. | |
| | VALOR | 300,00 € |
| | | |
| | Título: “Contraste” | |
| | Autor:  Maria Carmen Martinez | |
| | Técnica: Acrílico sobre papel | |
| | Medidas: 42 x 28 cm. | |
| | VALOR | 300,00 € |
| | | |
| | Título: “Chawan” | |
| | Autor:  Maria Carmen Martinez | |
| | Técnica: Cerámica | |
| | Medidas: 8 x 8 x 8 cm. | |
| | VALOR | 100,00 € |
| | | |
| | Título: “Dende a miña fiestra” | |
| | Autor: María Manuela | |
| | Técnica: Acuarela | |
| | Medidas: 52 x 72 cm. | |
| | VALOR | 400,00 € |
| | | |
| | Título: “Calabaza” | |
| | Autor:  Mª Manuel, Mª Carmen Martinez e José Galarzo | |
| | Técnica: Acuarela e Collage | |
| | Medidas: 33 x 48 cm. | |
| | VALOR | 1.300,00 € |
| | | |
| | Título: “Sen título” | |
| | Autor: María Xesús Díaz | |
| | Técnica: Acrílico | |
| | Medidas: 81 X 60 cm. | |
| | VALOR | 1.800,00 € |
| | | |
| | Título: “Ramalhos no río Pego” | |
| | Autor: Miguel Anxo Varela | |
| | Técnica: Acrílico e tinta sobre tabliña | |
| | Medidas:  38 x 46 cm. | |
| | VALOR | 300,00 € |
| | | |



CVD: t7W/tpAV1XX7Cz72jRKS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

| | | |
|---|---|---|
| | Título: “Padrón” | |
| | Autor: Paco Casal | |
| | Técnica: Acrilico sobre tabla | |
| | Medidas:  41 x 33 cm. | |
| | VALOR | 1.000,00 € |
| | | |
| | Título: “Sen título” | |
| | Autor: Ricardo Rilo | |
| | Técnica: Acrílico sobre lenzo | |
| | Medidas: 50 x 70 cm. | |
| | VALOR | 1.500,00 € |
| | | |
| | Título: “Picasso e modelo” | |
| | Autor: Siro | |
| | Técnica: Témpera sobre papel | |
| | Medidas:.30 x 42 cm. | |
| | VALOR | 300,00 € |
| | | |
| | Título: “Juanita” | |
| | Autor: Tino Canicoba | |
| | Técnica: Talla en madeira | |
| | Medidas: 35 x 18 x 18 cm. | |
| | VALOR | 1.000,00 € |
| | | |
| | Título: “Padrón” | |
| | Autor: Veiras Manteiga | |
| | Técnica: Acrilico sobre lenzo | |
| | Medidas: 65 x 50 cm. | |
| | VALOR | 1.200,00 € |
| | | |
| | Título: “Paisaxe” | |
| | Autor: Veiras Manteiga | |
| | Técnica: Acrilico sobre lenzo | |
| | Medidas: 65 x 50 cm. | |
| | VALOR | 1.200,00 € |
| | | |
| | Título: “Fachada de Santa Minia” | |
| | Autor: Xosé Vazquez Castro | |
| | Técnica: Acrílico sobre papel | |
| | Medidas: 30 x 40 cm. | |



CVD: t7W/tpAV1XX7Cz72jRKS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | VALOR | 500,00 € |
| | | | |
| | Título: “Sta Minia” | | |
| | Autor: Xosé Vazquez Castro e Paco Casal | | |
| | Técnica: Acrílico sobre taboa | | |
| | Medidas: 46 x 38 cm. | | |
| | | VALOR | 1.200,00 € |
| | | | |
| | Título: “Gaiteiro” | | |
| | Autor: Xosé Vizoso | | |
| | Técnica: Rotulador sobre papel | | |
| | Medidas: 27 x 17 cm. | | |
| | | VALOR | 250,00 € |
| | | | |
| | | **TOTAL ALTAS** | **2.041.157,64 €** |

---

**BAIXAS**

| | |
|---|---|
| **7010008 POLICIA LOCAL** | |
| Armeiro de seguridade de grao III con 7 caixóns individuais para pistolas s/norma une en 1143-1, medidas 975x550, armeiro de tipo c, de cor gris oscuro, sistema de peche: chave + combinación electrónica programable K + E, homologado clase II | 4.900,00 € |
| | |
| **7.03. ESCOLA DE MÚSICA** | |
| 1 Metrónomo Qwik Time | 10,00 € |
| 2 Microcadenas Sharp XLHF200 | 398,46 € |
| Sistema minicadena SCPM91 Panasonic | 249,14 € |
| 1 Metrónomo 816K | 50,00 € |
| 2 Microcadenas Sharp XLHF200 | 398,46 € |
| 1 Metrónomos 816K | 50,00 € |
| 1 Afinador Korg CA-30 | 25,00 € |
| 1 Metrónomo Korg MA-30 | 28,00 € |
| 4 Metrónomos wittner 816 k | 258,71 € |
| Afinador Korg CA40 | 26,87 € |
| Control de presenza de recoñecemento facial, con identificador de cara | 354,36 € |
| **7.08. CASA DE CULTURA.** | |
| Oficinas xerais: | |
| 1 copiadora INEO+452 con alimentador | 2.330,16 € |
| Oficina técnico de cultura: | |
| 1 deshumidificador Troia 24 litros | 279,00 € |
| **7.13.- EDIFICIO DE PROTECCIÓN CIVIL** | |
| Camilla de rescate modelo Nido - Rescue, de PVC ríxido, para rescate acuático e en altura | |
| | 950,00 € |
| Arnés de rescate profi worker standar | 438,26 € |



CVD: t7W/tpAV1XX7Cz72jRKS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

| | |
|---|---|
| Bobina de corda semi estática de 10,5 m x 200 m kordas | 342,31 € |
| Bobina de corda dinámica de 10,1 x 70 m Petzl | 169,64 € |
| Acordo da Consellería de Medio Rural asinado o 02/08/2016, para a cesión en propiedade ao grupo de emerxencias supramunicipal (GES) dunha pértega contra a vespa velutina, composta de: 1 pértega de material de aluminio lixeiro, 18 tramos de 1,5 m (27 m) acoplados con sistema macho/femia e pestillo de seguridade, 2 punteiros inxectores de distinta lonxitude (para niños grandes e pequenos), 2 mangueiras de tubo transparente de 15 m e 28 m, espátula, funda, en tubo de PVC-200 con tapa e asadeiras, sistema impulsor, bomba de accionamento manual. | 0,00 € |
| Termo eléctrico Cointra 80 litros serie SLIM | 389,62 € |
| Escaleira de aluminio extensible a corda 2x16 peldaños | 990,99 € |
| 1 Samsung Galaxy A10 negro | 150,99 € |
| Telefono móbil SAMSUNG GALAXY A10 negro | 150,04 € |
| | |
| **7100004 ESCOLA INFANTIL DE AGRO NOVO** | |
| AULA 1 | |
| 2 Estanterías de distintos tamaños | - € |
| | |
| AULA 2 | |
| 1 Andador | 90,75 € |
| | |
| AULA 3 | |
| Radio CD Grundig RCD-1445B | 80,00 € |
| Alfombra de vinilo de 4x2 metros | 99,22 € |
| | |
| AULA 5 | |
| 1 Mesa rectangular | - € |
| 1 Conxunto de cociña, fregadeiro e lavadora infantil | - € |
| 10 Camas apilables | - € |
| 3 Estores enrollables | 57,38 € |
| 1 Mesa abatible de 160x60x46 | 254,10 € |
| | |
| COMEDOR | |
| 4 Mesas rectangulares | - € |
| | |
| SALA DE USOS MÚLTIPLES | |
| 1 Módulo de xogo simbólico composto por cocinita, neveira e fregadeiro | - € |
| | |
| SALA DE PROFESORES | |
| 1 Protector de radiador | - € |
| | |
| ALMACÉN | |
| 1 Ventilador SP | 35,00 € |
| 1 Andador | 75,00 € |
| | |
| **7.19.- EDIFICIO DE PIRAGÜISMO DE PONTE INSUA** | |



CVD: t7W/tpAV1XX7Cz72jRKS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

| | |
|---|---|
| | |
| 3 Chalecos Gilet Secu CK 300 azul e negro | 29,85 € |
| 2 Palas | 34,90 € |
| 1 Pala Adr Carbono Sistema | 274,27 € |
| | |
| **7.20.- NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE** | |
| | |
| AULA DE INFORMÁTICA (1º ANDAR) | |
| 4 Sillas text azuis | 101,85 € |
| | |
| ARQUIVO (1ª ANDAR) | |
| 1 Silla con brazos para ordenador tapizada en azul | 40,00 € |
| | |
| **TOTAL BAIXAS** | **14.112,33 €** |

**RESUMO DO INVENTARIO DO ANO 2024**

| | |
|---|---|
| Altas no ano 2024 | **2.041.157,64 €** |
| Baixas no ano 2024 | **14.112,33 €** |
| Inventario a 31.12.2023 | **46.319.237,58 €** |
| Inventario a 31.12.2024 | **48.346.282,89 €** |

**2º)** Remitir copia do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Debate: Non se produciu.
Votación e resultado:
Sometida a votación a proposta, dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (4) e BNG (2).
Votos en contra: 0.
Abstencións: 0.
Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

**5º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O V PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE BRIÓN.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 12.03.2026, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 14.04.2026, que transcrita di:

Antecedentes:

1. Os plans de igualdade son un conxunto ordenado de medidas, adoptadas despois de terse realizado unha diagnose da realidade desde a perspectiva de xénero, tendentes a alcanzar na



CVD: t7W/tpAV1XX7Cz72jRKS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

totalidade dos ámbitos da organización de que se trate o obxectivo da igualdade entre mulleres e homes e a eliminación da discriminación por razón de sexo, as cales han de comprender:

a) A fixación de obxectivos concretos de igualdade dentro duns prazos de tempo razoables, especificando os indicadores do cumprimento dos obxectivos e identificando os órganos ou persoas responsables.

b) Un código das boas prácticas necesarias ou convenientes para alcanzar os obxectivos asumidos a través da integración da dimensión de igualdade na organización do traballo e a xestión.

c) O establecemento de sistemas eficaces de control interno e avaliación externa sobre cumprimento dos obxectivos, así como de mecanismos de readaptación deses obxectivos en función dos resultados obtidos.

2. Por acordo do Pleno de data 16.12.2020 aprobouse o IV Plan de Igualdade do Concello de Brión.

3. Dende o Departamento de Servizos Sociais traballouse na realización do V Plan de Igualdade do Concello de Brión 2026-2030, que consta no expediente asinado dixitalmente con data 09.03.2026.

Por todo o anterior propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**1º)** Aprobar o V Plan de Igualdade do Concello de Brión 2026-2030, que consta no expediente asinado dixitalmente con data 09.03.2026.

**2º)** Remitir o plan aprobado á Consellería de Política Social e Igualdade para o seu coñecemento e efectos.

**3º)** Publicar o plan aprobado no Portal de Transparencia do concello para xeral coñecemento.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que votaremos a favor, pero que se aplique na súa literalidade.

Votación e resultado:
Sometida a votación a proposta, dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (4) e BNG (2).
Votos en contra: 0.
Abstencións: 0.
Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

**6º) TOMA DE COÑECEMENTO DE ESCRITO DE RENUNCIA DE TERESA AVELINA ANDRADE CARRILLO AO CARGO DE CONCELLEIRA.**

Dada conta do escrito asinado por Teresa Avelina Andrade Carrillo, con data do 25.02.2026, con rexistro de entrada no concello núm. 202699900000321, do 25.02.2026, polo que comunica a súa renuncia ao cargo de concelleira da corporación.

O Pleno do concello acorda:



CVD: t7W/tpAV1XX7Cz72jRKS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

1º) Tomar coñecemento da renuncia ao cargo de concelleira do Concello de Brión de Teresa Avelina Andrade Carrillo, pertencente ao grupo municipal do BNG, indicando que a xuízo da Corporación a persoa á que lle corresponde cubrir a vacante de concelleira de conformidade coa lista de candidatos proclamados polo BNG nas últimas eleccións municipais do ano 2023, celebradas o 28.05.2023, é Marta Romero García.

2º) Que se remita certificación deste acordo á Xunta Electoral Central para que proceda a expedir a credencial de concelleira para os efectos da substitución da concelleira dimisionaria.

**7º) MOCIÓNS.**

Aprobouse por unanimidade dos doce membros presentes a urxencia do seguinte asunto:

**7.1. SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE PRESENTADA POR UN EMPREGADO PÚBLICO DESTE CONCELLO.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 14.04.2026, que transcrita di:

Vista a solicitude presentada polo empregado público deste concello, VÍCTOR JOSÉ NÚÑEZ PICALLO, con data 07.04.2026, pola que solicita a compatibilidade para o desempeño dun segundo posto de traballo por conta allea no sector privado, con previsión de incorporación no posto de traballo a compatibilizar para o día 15.04.2026.

Logo de ver o informe-proposta emitido pola empresa contratada por este concello en materia de recursos humanos, GALIVALIA S.L, de data 09.04.2026, e visto o escrito de renuncia presentado polo interesado de data 14.04.2026, no que manifesta que aos efectos de que lle sexa autorizada dita compatibilidade, renuncia ao cobro do complemento específico.

Por todo o anteriormente exposto, e ao abeiro das competencias atribuídas a esta Alcaldía, propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Autorizar a VÍCTOR JOSÉ NÚÑEZ PICALLO á compatibilidade para o desempeño dun segundo posto de traballo por conta allea no sector privado.

SEGUNDO.- Dar traslado aos departamentos de persoal e intervención aos efectos de elaboración do expediente de nómina mensual.

TERCEIRO.- Notificar este acordo ao interesado, xunto co réxime de recursos aplicable, e aos efectos oportunos.

Debate: Non se produciu.
Votación e resultado:
Sometida a votación a proposta, dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (4) e BNG (2).
Votos en contra: 0.
Abstencións: 0.
Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

**8º) ROGOS E PREGUNTAS.**

**8.1. Rogos e preguntas presentados por escrito polo grupo municipal do BNG:**



CVD: t7W/tpAV1XX7Cz72jRKS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

**1. SOBRE AS PROBLEMÁTICAS NO IES BRIÓN.**

No anterior pleno, e en moitos máis, xa trouxemos a este pleno as diversas problemáticas de todo tipo que está a sufrir o IES Brión e que tamén foron denunciadas pola comunidade educativa. Así, o pasado 7 de novembro do 2025 xa foron postas de novo en coñecemento da consellería oportuna, así como comunicadas ao concello nas diversas xuntanzas sen que obviamente, tal e como é habitual, tiveran resposta algunha nin por uns nin por outros.

Así chegamos a situación de hoxe:

- 12 de abril La Voz de Galicia: "Alumnos del IES de Brión sufren golpes de calor en el centro".
- 11 de abril Europa Press: "El Anpa del IES Brión denuncia altas temperaturas en las aulas y urge una solución para evitar golpes de calor".
- 11 de abril El Español: "El Anpa del IES de Brión exige soluciones frente a las altas temperaturas en las aulas".
- 13 de abril El Correo Gallego: El IES de Brión sufre altas temperaturas en las aulas: la Anpa Pedra Viada exige medidas urgentes a educación".

En todas se insiste do coñecemento da situación dende hai dous anos por parte da consellería e do concello así como do silencio administrativo aplicado (a este e a tantos outros problemas que se traen a este pleno), polo que unha vez máis hai que acudir a outras instancias e mesmo á prensa para que quen ten a obriga de mediar ou mesmo actuar faga o traballo que ten a obriga de facer.

Que pensa facer o concello con este problema ao que sen dúbida ata agora non lle deu a importancia necesaria?.

Vaise poñer en contacto de inmediato coa consellería coa que sen dúbida ten moi boas relacións a nivel de partido?.

Vai comunicar á comunidade educativa todos os pasos e vai acordar actuar dunha forma urxente e definitiva a un problema que xa leva tempo enriba da mesa?.

A Srª. Concelleira Cebral Gómez sinala que tendo en conta que citan ós medios de comunicación, supoñemos que xa saberán que a Consellería de Educación xa tiña en fase de tramitación instalar vinilos nos cristais das aulas para mellorar o confort térmico, como publicou La Voz de Galicia o luns, cuestión que ademais, lle comunicou o delegado territorial de Educación ao noso alcalde a pasada semana.

Como ben saben, a responsabilidade e as competencias son da xunta, non do concello, pero como entendemos que é un problema importante, sempre prestamos o noso apoio cando se pediu.

Cabe aclarar que este concello ten constancia da existencia dun escrito sobre a cuestión das altas temperaturas no interior do IES de Brión, presentado o 20 de xuño de 2025, e o alcalde deulle traslado destas peticións á consellería; tamén teño que dicirlles que durante a sinatura do convenio, feito no propio IES de Brión en maio de 2025, ningún da comunidade educativa lle trasladou esta petición ao conselleiro.



CVD: t7W/tpAV1XX7Cz72jRKS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

A última constancia que temos sobre este tema data de xaneiro deste ano cando, nunha conversa informal no posto de traballo da concelleira de educación, lle indicaron que se ía realizar unha reunión para tratar o tema, reunión que nunca foi convocada.

En definitiva: deixar claro o noso apoio sempre ás demandas da comunidade educativa do concello. Como lle comunicou o delegado territorial de educación ao noso alcalde e como posteriormente confirmou a consellería, os vinilos están encargados e procederase á súa instalación en breve.

O Sr. Concelleiro Penas Corral pregunta, a comunidade educativa é coñecedora de que se van por os vinilos?

O Sr. Alcalde sinala que a min mo comunicou o delegado territorial, pero non sei cando o fará a xunta, por iso non se lle dixo á comunidade educativa.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que xa o trouxemos ao pleno polo menos dúas veces, e que está claro que é competencia da Xunta de Galicia, pero que a Anpa o que di é que o concello non se implicou.

A Srª.Concelleira Rey Vázquez sinala que nos consellos escolares en ningún momento volveu formularse o problema, porque cando se presentou o escrito de queixa no ano 2025 se lle enviou á Xunta de Galicia, e diso se lle informou.

O Sr. Alcalde remata sinalando que se fará proximamente pola Xunta de Galicia, díxomo de xeito informal o delegado territorial e se fará proximamente, e o caso é que funcione, aínda que iso o fan os técnicos da Xunta de Galicia.

**2. ROGO SOBRE A FISCALIZACIÓN E USO DOS CARTOS PÚBLICOS PARA FINS PARTIDISTAS.**

No anterior pleno tamén trouxemos un punto semellante a este, pero como parece ser que comezou a campaña electoral de forma premeditada para algúns membros do equipo de goberno vémonos na obriga unha vez máis de solicitar ou rogar que non se utilicen os cartos de todos os veciños e veciñas para campañas políticas ou para posicionamentos electorais de candidatos con partidos a definir. O inesperado e urxente “tour” electoral do señor alcalde para reunirse coa veciñanza (esa mesma a que non resposta escritos, reclamacións e suxestións) parécenos ben e necesaria, senón fora porque algo cheira a sospeita puramente electoral.

Proximamente, tal e como anunciamos previamente, solicitaremos por rexistro a totalidade do uso económico de partidas relacionadas coa publicidade do concello (perfectamente válida e necesaria) e de toda aquela que obviamente non é institucional e debería ser asumida polo partido (o que sexa) e non por todos e todas nós.

A Srª. Concelleira Cebral Gómez sinala que as Conversas co alcalde son exactamente o que din que son: encontros abertos coa veciñanza nas parroquias para escoitar, explicar, responder e tomar nota; son públicos, anúncianse con data, hora e lugar, e tratan cuestións municipais; igual o que molesta é que a veciñanza responda de xeito positivo e asista ás xuntanzas.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que cando a xente presenta escritos que o alcalde non responde, lle dirán que non os presenten e que esperen a ter unha reunión cos veciños.



CVD: t7W/tpAV1XX7Cz72jRKS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

O Sr. Alcalde pregunta, a que cartos públicos fai referencia vostede?, que asunto electoral?, porque todos os veciños poden participar e no se fai referencia a ningún partido político, gasto público non hai ningún.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que nós dicimos que solicitaremos se hai gastos partidistas; non estamos en contra de que se informe aos veciños.

O Sr. Alcalde sinala que todos os alcaldes fan actos para falar cos veciños cando queren, se trata de abrir rolda de rogos e preguntas para todos os veciños.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que esperamos que todos os que fixeron queixas por rexistro se reúnan co alcalde.

O Sr. Alcalde sinala que non se pode dicir iso de que hai gasto de cartos públicos.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que nós non dixemos iso; rogamos que non se empreguen fondos públicos para actos de partido.

Remata o Sr. Alcalde dicindo que ten vostede á súa disposición todo o gasto público do Concello de Brión.

**3. SOBRE O RALI DE NOIA E O SEU PERCORRIDO POR BRIÓN.**

Este fin de semana vaise desenvolver de novo o Rali de Noia por algunhas zonas do noso concello, como ven sendo habitual o concello non avisou na forma debida á veciñanza diante das numerosas afectacións que imos ter que sufrir durante a xornada do sábado. Despois de ver o percorrido nas diferentes webs temos algunha pregunta:

- Tívose en conta a cantidade de veciños que estarán incomunicados durante todo o sábado practicamente tanto na zona de Luaña/Cornanda como na zona de abaixo?.

- Informouse á veciñanza da problemática na entrada, saída e accesibilidade das súas aldeas e vivendas?.

- Que valoración fixo o concello para determinar que estes tramos eran os máis acaídos tendo en conta que parte importante das aldeas non terán vías de entrada e saída durante o rali?. En que estudo se baseou para autorizar ou simplemente dixo si a solicitude da escudería sen valorar os pros e contras?.

- É coñecedor o concello das numerosas queixas que houberon este fin de semana polo incumprimento das normas nos adestramentos de algúns vehículos?.

- Que vai pasar coas estradas, moitas delas xa especialmente deterioradas, especialmente na zona de Luaña e Cornanda, quen vai ter que pagar a reparación e arranxo das mesmas ?.

- Cal é o retorno en xeral, máis aló de dous negocios, que ten o rali para o concello en xeral e sobre todo para a veciñanza que vai ter que "soportar" un día de peche?.

Dende este grupo non nos opoñemos a que se realice calquera tipo de actividade pero non de calquera forma e sen cumprir, unha vez máis, o mínimo sentido común sobre o uso do que é de todos, e por suposto priorizando á veciñanza, a seguridade e a accesibilidade de todos e todas.



CVD: t7W/tpAV1XX7Cz72jRKS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

A Srª. Concelleira Cebral Gómez sinala que tamén hai queixas todos os anos polas Festas de Santa Minia, pretende o BNG de Brión que a prohibamos?.

Preguntan polos tramos, evidentemente non os marcan os concellos, senón a organización do rali; pero ese trazado despois sométese a informes de todas as administracións e entidades afectadas: concello, xunta, tráfico, deputación, e dende Brión a policía local emitiu un informe de viabilidade, ao igual que todas as demais administracións.

Por suposto somos coñecedores de que durante a fin de semana houbo queixas durante os adestramentos, pero temos que dicir que se desenvolveron con total normalidade e seguridade, baixo a supervisión de tráfico, policía local e persoal da escudería organizadora. De feito, todos os vehículos están xeolocalizados e teñen prohibido superar os 80 km/hora. Si que houbo xente que se sorprendeu de ver tanto coche pasar pola zona, pero sempre se cumpriron as normas de seguridade.

Sobre a información, a propia escudería encárgase de colocar carteis informativos nos propios tramos; carteis para aquelas persoas que non dispoñen de redes sociais ou outros sistemas de información nos que tamén está toda a información e as recomendacións de seguridade para ese día.

Pregunta tamén polas estradas, pois agardamos que non se vexan moi afectadas e se hai que bachear algo, arranxarase, como imaxino que farán tamén a xunta e a deputación, pois gran parte da proba discorre por pistas autonómicas e provinciais.

E sobre o retorno desta proba deberían preguntarllo ós negocios de Brión, que nos piden que non se deixe de realizar a proba; é máis, ogallá houbera máis negocios en Brión para que o impacto e os beneficios puideran ser moito maiores; e para rematar, di que non se opoñen á realización de actividades, pero a verdade é que a súa postura é máis veces non, que si, xa que sempre que en Brión hai algunha actividade deportiva de envergadura a súa queixa e posta en dúbida está presente. Vostedes piden que apoiemos o deporte local, e así o facemos.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que non se pode comparar coas festas de Santa Minia, que en Santa Minia non hai imprudencias; que nos adestramentos había moita xente que non sabía que ía haber un rali. Nós non estamos en contra do rali, estamos a favor das actividades, sempre que antes se informe á veciñanza; os carteis son carteis como os de “se casan Manolo e Conchita”, non son carteis oficiais; nós recibimos queixas dos veciños sobre como se ía facer, que a queixa é dos veciños, non do BNG; que hai xente que non poderá saír da casa ese día.

O Sr. Alcalde sinala que voulle explicar desde a humildade: todos os concellos queren a proba, que leva facéndose 40 anos, e puntúa para o campionato de Galicia; se leva informando aos veciños desde hai moito tempo, nestes dous anos xa se fixo, e que a xunta, a deputación e a federación a autorizan e nós, concello pequeno, o autorizamos; evidentemente hai un risco, son consciente de que pode haber queixas, de 8.500 veciños 30 queixas, hai máis en Santa Minia e outras actuacións, e sinalizouse polo club e pola federación, nós non; a deputación figura nos carteis de que apoia a proba; os negocios son poucos pero tamén participan no rali, sei que é unha incomodidade, que xera molestias, pero é un día ao ano.
Engade que o ano pasado houbo máis de 100 queixas por Santa Minia e tamén no entroido, temos que deixar vivir fomentando o deporte.



CVD: t7W/tpAV1XX7Cz72jRKS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que o BNG nunca se queixou do rali, foron os veciños os que se queixaron de que non podían saír da casa, ningún veciño se opón ao rali e o BNG tampouco.

O Sr. Alcalde pregunta, onde quere facer vostede a carreira, polo aire?, ogallá non pase nada; a prioridade é calquera veciño, por calquera urxencia, por encima de todo.

**8.2. Rogos e preguntas presentados por escrito polo grupo municipal do PP:**

**1.-** Despois de mantidas conversacións con varios veciños de O Rial e o Cabo solicitamos que se coloquen na zona do Outeiro (zona onde está o chiringuito) uns contedores de reciclaxe de papel, vidro e pilas, debido ao aumento de poboación desa zona.

**2.-** A vista da queixa de varios veciños da zona, solicitamos de ser posible, que se reduza a intensidade da luz no tramo que se fixo de beirarrúa na zona do Outeiro ao Cabo, xa que a excesiva luminosidade dos focos cega aos vehículos.

A Srª. Concelleira Cebral Gómez sinala que tomamos nota de ambos rogos. De feito, podo dicirlle que nesas Conversas co alcalde, xa xurdiron ambas cuestións e o alcalde comprometeuse a darlles unha pronta solución.

**3.-** Xúntanse fotografías do estado de varios postes da alumeado na estrada que vai de Bastavales a Rois. Solicítase a reparación debido ao perigo do estado dos mesmos.

A Srª. Concelleira Cebral Gómez sinala que tomamos nota do rogo e aproveito tamén para dicirlles o mesmo que lles estamos dicindo aos veciños e veciñas: que nos fagan chegar estas peticións a través da aplicación de incidencias dispoñible na páxina web municipal, sobre todo aquelas relacionadas co alumeado público, pois estas van directamente á empresa encargada do mantemento e teñen que ser solucionadas nun prazo de tempo fixado polo propio contrato.

Antes de rematar o Pleno apróbanse por unanimidade dos doce membros presentes, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (4) e BNG (2), as seguintes declaracións institucionais:

**1. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL: DÍA MUNDIAL DAS ER 2026.**

En Europa, as enfermidades raras son aquelas cuxa prevalencia está por baixo de 5 por cada 10.000 habitantes. Máis da metade das familias con enfermidades pouco frecuentes esperan máis de 6 anos para lograr un diagnóstico en España. A iso únese que só o 6% das máis de 6.528 identificadas teñen tratamento. O atraso en coñecer o diagnóstico e a falta de tratamento teñen un gran impacto en quen convive con estas enfermidades ou en busca de diagnóstico e as súas familias.

Estímase que entre o 6 e 8% da poboación mundial convive con estas patoloxías. En termos xerais, calcúlase que son 300 millóns de persoas en todo o mundo; 3 millóns en España, 30 en Europa, 25 en Norteamérica e 47 en Iberoamérica.

Esta realidade explica por que é tan importante visibilizar estas enfermidades. Co obxecto de sensibilizar e concienciar sobre a realidade de todas as persoas que convive con Enfermidades Raras, o próximo 28 de febreiro, un día especial no noso calendario, celébrase como cada ano o Día Mundial das Enfermidades Raras para impulsar unha mobilización mundial que permita posicionalas na axenda pública. Unha acción liderada no noso país por FEDER; a Federación



CVD: t7W/tpAV1XX7Cz72jRKS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

Española de Enfermidades Raras, entidade que representa hoxe, o impulso e a forza de 442 organizacións de pacientes.

Estas organizacións, baixo o paraugas de FEDER e a súa Fundación, evidencian que acceder á prevención, diagnóstico, medicamentos, terapias, atención social e interdisciplinar, educación ou emprego son retos para todas as persoas con enfermidades raras e para quen as coida. Sono dentro e fóra de España. Porque existe descoñecemento, porque necesitan ser máis investigadas, porque afectan a poucas persoas... Pero tamén porque existe unha gran inequidad no acceso a recursos sociais e sanitarios que xa existen.

Esta inequidad faise evidente nas diferentes políticas que se identifican ou non en segundo que territorios; a fragmentación da investigación ou da información existente; as diferenzas no acceso ou non ás probas diagnósticas ou aos escasos tratamentos dispoñibles, así como as barreiras ou non no acceso a unha atención especializada.

Unha realidade que a familia FEDER vén compartindo desde hai máis de 25 anos e que recoñece agora a Resolución da 78ª Asemblea Mundial da Saúde que España liderou xunto con Exipto en 2025 e que recoñece que «[…] cada país, en consonancia co seu contexto e prioridades nacionais, enfróntase a dificultades excepcionais […], o que xera inequidades en materia de saúde dentro dos Estados membros». Esta Resolución da Organización Mundial da Saúde recoñece que esta vulnerabilidade afecta as persoas con EERR, ás que viven sen diagnóstico, ás súas familias e coidadores.

Se historicamente FEDER puxo o foco na equidade, se en 2025 puxo o foco nas persoas con EERR, este 2026 buscan que siga sendo así e ampliar esta visión a quen as coida.

Para minimizar o impacto das enfermidades raras nas persoas que conviven con elas e quen as coida, impulsamos a campaña ‘Porque cada persoa importa’, para lograr unha transformación social motivada pola sociedade e co apoio das institucións públicas para:

**1.** Impulsar a investigación e o coñecemento, para ter máis información sobre a orixe, evolución, tratamento e prognóstico das enfermidades raras, co fin de diagnosticalas antes, previr as súas consecuencias, impulsar solucións terapéuticas e mellorar a súa abordaxe, tanto a nivel sanitario como social e familiar.

**2.** Asegurar un acceso rápido e en condicións de equidade ás probas de diagnóstico, para evitar a peregrinaxe das familias e minimizar o impacto psicosocial da chegada da enfermidade á vida persoal e familiar.

**3.** Lograr o acceso en tempo e condicións de equidade a tratamentos e terapias, para que todas as persoas poidan acceder aos medicamentos seguros e efectivos que existen xunto a programas de atención temperá e rehabilitación.

Esta abordaxe das enfermidades raras desde estes tres eixos debe ir acompañado da incorporación da participación dos pacientes e as entidades que os representan, naquelas decisións que lles afecten; así como dunha visión transversal e social onde estea garantida a coordinación inter-autonómica para asegurar a equidade no acceso aos recursos sanitarios, así como aos de carácter social.

E todo iso, unificado baixo o paraugas da Resolución da OMS en Enfermidades Raras de 2025, a recente actualización da Estratexia en Enfermidades Raras do Sistema Nacional de Saúde e a súa implementación a nivel autonómico; así como o compromiso do noso país no impulso



CVD: t7W/tpAV1XX7Cz72jRKS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

dun Plan de Acción Europeo Integral sobre Enfermidades Raras.

Porque cada pERsoa importa.

**2. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL FEGAMP. DÍA DAS LETRAS GALEGAS 17 MAIO 2026.**

A Federación Galega de Municipios y Provincias (FEGAMP) conmemora e celebra o Día das Letras Galegas este 17 de Maio de 2026 compartindo o recoñecemento público a Begoña Caamaño, xornalista e escritora, cunha vida e obra profundamente marcadas polo seu compromiso local, feminista e social.

A FEGAMP celebra dedicarlle o Día das Letras Galegas a unha persoa cunha clara influencia local, moi vinculada as súas dúas cidades vitais: Vigo e Santiago de Compostela.

Nada en Vigo en 1964, Begoña Caamaño comezou alí a súa traxectoria profesional como xornalista, deixando unha pegada indeleble desde os seus inicios en Radio Popular e Radio do Noroeste, ata a súa definitiva incorporación á Radio Galega en 1989.

Catro anos despois proseguiu o seu labor na Radio Galega xa dende Santiago de Compostela ata 2012, sendo unha gran defensora dos medios públicos galegos e da súa función de proporcionar á cidadanía información e contidos precisos para poder decidir con liberdade e responsabilidade. Defendeu unha información de calidade e condicións laborais xustas, sendo a presidenta do Comité Interempresas da CRTVG de 2000 a 2003.

Como escritora, Begoña Caamaño destacou polo seu innovador labor nas súas novelas, "Circe ou o pracer do azul" (2009) e "Morgana en Esmelle" (2012), que foron pioneiras na reinterpretación feminista dos mitos.

Coa súa homenaxe, Begoña Caamaño convértese na sétima muller á que se lle adica o Día das Letras Galegas, despois de Rosalía de Castro, Francisca Herrera Garrido, María Mariño, María Vitoria Moreno, Xela Arias e Luísa Villalta.

Na conmemoración do Día das Letras Galegas, a FEGAMP atende o seu obxectivo de promover a cultura e a lingua galega no marco das competencias que o ordenamento xurídico lles atribúe ás corporacións locais de Galicia

Historicamente, o municipalismo galego tivo un protagonismo decisivo na reivindicación do galego e na defensa da súa extensión social, participando activamente, xa en democracia, na “Declaración do Hostal dos Reis Católicos”, subscrita en 1984, en Santiago de Compostela, por 184 alcaldías de todas as tendencias políticas e de todos os puntos da xeografía galega.

Defendían a implantación do galego nas administracións públicas en Galicia, tanto no seu uso, como no seu coñecemento para o acceso ao emprego público.

Na actualidade, a FEGAMP, da que forman parte todos os concellos galegos e as catro deputacións provinciais, segue a defender a vixencia e a extensión do galego e potenciando a súa presencia nas novas canles derivadas do desenvolvemento das novas tecnoloxías da información e da comunicación.

Por mil primaveras máis para o galego.



CVD: t7W/tpAV1XX7Cz72jRKS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e cincuenta e tres minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González.



CVD: t7W/tpAV1XX7Cz72jRKS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/